




No gume afiado

NA PEDRA A LUZ AFIA O GUME

MIGUEL ROYO

Fresca Poetria Editora | O Portol 2021 | 68 páxinas

Nado en Valencia en 1993, Miguel Royo vive dende os seis anos na cidade do Porto, onde se criou. É arquitecto, pero sempre tivo interese pola literatura e as artes visuais. Ten unha tese de mestrado sobre o filme *Stalker* (1979) de Tarkovsky, e publicou artigos nas revistas *Caliban*, *The Apollonian*, *The Jim Morrison Journal* e *Dédalo*. *Na pedra a luz afia o gume* é o seu primeiro libro, publicado pola editorial Fresca Poetria, dedicada á promoción da nova poesía portuguesa. Nesta primeira viaxe literaria, o autor percorre a orografía corporal e explora coas mans os labirintos subterráneos, túneles e pasaxes que habitualmente están deshabitados. Porén, a anatomía e a xeografía dos corpos reside nos pozos sen fondo, en lugares cheos de paxaros, criaturas e voces de todas as cores que reclaman, golpe a golpe, ser excarcerados. Recunca este poemario intimista no amor sexual sen restricións, tinxido dun erotismo que ferve e circula delirante, como un cabalo sen rédeas, galopando polas súas sesenta e dúas páxinas espidas e abertas como xanelas, que deseñan entre os versos mapas de camiños transitados, tamén de soños e pesadelos. Regresa logo á orixe, estendendo as raíces da memoria cos guindastres da lembranza, e os vínculos familiares emerxen con pequenos sucesos para restablecer o pasado cuns poucos e vagos recordos. Só a súa nai consegue un constructo representativo nun fermoso poema: “As maes esperam en antessalas / que os seus fillos abandonem as ideas em chamas. / Varrem os fósforos para debaixo do coração. Esperam assim / que os fillos nunca os encontrem”.

A estrutura do libro alicérzase nunha perfecta simbiose de corpos, mans e pedras. As pedras dan consistencia e densidade poética ao relato porque: “É na pedra que a luz

afia o gume / morno dos primeiros días. Com as mãos separo / a carne e os días, levo duas pedras de sílex / para atear a velha fogueira apagada”. A pedra está moi presente na poética de Miguel Royo pois é moi doado “Encontrar o poema entre duas pedras”. Afonda no universo deste elemento simbólico, frecuente entre algúns poetas como, por exemplo, Celso Emilio Ferreiro en *Longa noite de pedra*, Octavio Paz no poema “Piedra de sol”, ou como no poema “No meio do caminho tinha uma pedra”, obra do escritor brasileiro Carlos Drummond de Andrade...

Na pedra a luz afia o gume. “Abrem-se os corpos como campos feridos [...] sobre as mãos / recusando a partida [...] O resto é a pedra [...]” que tapa a ferida ■ **Rafael Fernández Lorenzo**